




**Casa das Asociacións. Rúa Manuel Beiras, 3
Antiga Estación de Cornes
Santiago de Compostela**



UNHA OLLADA Á ARTE INDÍXENA VENEZOLANA

**Xornadas Interculturais
Venezuela-Galicia
15 ao 23 de Setembro de 2010**

**PROGRAMA
INVITACIÓN**

PRESENTACIÓN

Coincidindo coa celebración do Ano Santo Xacobeo, a mostra vincula distintas institucións e entidades sociais con profesores e investigadores das universidades Pedagóxica Experimental Libertador de Venezuela, Santiago de Compostela e A Coruña e as Xornadas Interculturais Venezuela-Galicia: **“Unha mirada á Arte e á Artesanía Indíxena de Venezuela”**.

En clave pedagóxica-social, ten como finalidade fundamental promover o coñecemento e posta en valor das culturas milenarias de América Latina e, en particular, de Venezuela, coma un elemento de vital importancia na formación da cidadanía, en distintos contextos educativos. Unha tarefa coa que tamén se pretende contribuír ao recoñecemento do acervo histórico, dos seus sinais de identidade e da diversidade que atesouran como ámbito de estudo e de cooperación entre os pobos.

Nelas inscríbense os estreitos vínculos establecidos entre Galicia e Venezuela desde hai séculos, a través da emigración e a dinámica presenza de estudosos e relixiosos nas comunidades indíxenas venezolanas, das que esta mostra quere ser un testemuño vivo e directo, converxente coas formulacións filosóficas, pedagóxicas, sociolóxicas e antropolóxicas ás que invitan a diversidade, a interculturalidade e a alianza das civilizacións.

A exposición permite apreciar unha recompilación de diversas expresións artísticas das numerosas etnias venezolanas, das que se foi facendo provisión en diferentes traballos de campo, así como en investigacións en museos e coleccións particulares

PROGRAMACIÓN DURANTE A MOSTRA

Mércores 15 de setembro de 2010, 19.30 horas

Apertura, coa intervención de:

- . Guadalupe Rodríguez Silva, concelleira de Participación Cidadá. Concello de Santiago de Compostela.
- . Isabel Peleteiro e Nora Ferstadt .Representantes da Universidade Pedagóxica Experimental Libertador
- . José Antonio Caride Gómez , Catedrático de Pedagogía Social USC.
- . Representante da Asociación de Venezolanos en Santiago “Avesanti”.
- . Representante da Irmandade Galega de Venezuela.

Percorrido pola obra do artista plástico venezolano: Prof. Jonhathan López – Representante da Etnia Wuayú. Guajira Venezolana. Amenizarán Gaiteiros de Sarela. Santiago de Compostela

Xoves 16 de setembro 2010, 19.30 horas

- . Proxección do documental “Etnia Pemón”, por Manuela Silva. Misioneira española de Santa María de Wonkén. Edo. Bolívar.
- . Mesa Redonda: “Educación e Interculturalidade”, coa intervención de Concepción Sánchez Blanco , (UDC), Kathleen Teasley (UDC), José Antonio Caride, Germán Vargas (USC), Nora Ferstadt (UPEL) e Isabel Peleteiro (UPEL).

Venres 17 de setembro de 2010, 17.00 horas

Actividade Cultural: Visita Guiada ao Museo do Pobo Galego

A exposición poderase visitar na **Casa das Asociacións da Concellaría de Participación Cidadá**, Av. Manuel Beiras, 3 (antiga estación de Cornes) Santiago de Compostela, desde a súa inauguración o día 15 de setembro até a súa clausura o 23 de setembro de 2010, nos seguintes horarios:

Martes a sábado: De 10 a 14 e de 17 a 21.30 h. Luns, mañás.